



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento del Congreso, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta por escrito relativas a la necesidad de que el antiguo Cuartel de San Fernando en Lugo opte al 2% Cultural para impulsar la creación del Museo de la Romanización de Galicia.**

El pasado 13 de febrero de 2026, el ayuntamiento de Lugo formalizó ante el Ministerio de Vivienda y Agenda Urbana su candidatura a la convocatoria del 2% Cultural con el objetivo de impulsar en las dependencias del antiguo Cuartel de San Fernando en Lugo, el Museo de la Romanización de Galicia.

Sin embargo, el ayuntamiento lucense no puede asumir en solitario el coste de la rehabilitación y adaptación de estas instalaciones, y por este motivo lleva tiempo reclamando el compromiso y la implicación de la Xunta como Administración competente en materia de patrimonio cultural, aunque sin mucho éxito.

La creación del Museo de la Romanización es un proyecto acaecido en una ciudad que es referente en el legado romano y que lleva años aguardando el desarrollo de esta acción. Desde la corporación local se considera que no se puede seguir esperando indefinidamente para hacer realidad un proyecto que cuenta con las instalaciones necesarias pero que queda en el abandono dada la nula implicación de la principal Administración competente, la Xunta, que se ha ido desentendiendo de un proyecto que inexplicablemente dejó de considerar prioritario desde el año 2012.

Una solicitud realizada por el ayuntamiento contempla una inversión total de 15,2 millones de euros, optando a una subvención del Estado del 75%, asumiendo el ayuntamiento la correspondiente cofinanciación.

El proyecto presentado contempla la rehabilitación integral del edificio en el que se situaba el antiguo cuartel de San Fernando, de 4.240 metros cuadrados, para convertirlo en un centro de conservación y divulgación del legado romano-castrexo, además de un espacio sociocultural para investigar y mostrar el legado arqueológico romano de la antigua Lucus Augusti.



Es necesario recordar que la Muralla romana (S.III) de Lugo es Patrimonio de la UNESCO desde el año 2000. Sin embargo, la ciudad continúa sin disponer de un Museo que exhiba y dé a conocer todo el importante legado romano que posee.

La creación del Museo de la Romanización completaría la ruta arqueológico-cultural de la ciudad, además de situarse en un edificio histórico de arquitectura neoclásica militar ilustrada y que está catalogado como BIC.

La falta de compromiso de la Xunta llevó al ayuntamiento a concurrir al 2% Cultural como una vía alternativa para poder financiar el acondicionamiento del cuartel de San Fernando para el futuro Museo.

Por los motivos expuestos, el BNG formula las siguientes preguntas dirigidas al Gobierno:

1. ¿Qué consideración realiza el Ministerio de Vivienda ante la solicitud del Ayuntamiento de Lugo en la que formalizó la candidatura al 2% Cultural del antiguo Cuartel de San Fernando para convertirlo en el Museo de la Romanización de Galicia?
2. ¿Comparte que se trata de un proyecto necesario y oportuno en una ciudad que es referente en el legado romano, empezando por su magnífica muralla romana declarada Patrimonio de la UNESCO en el año 2000?
3. ¿Qué disposición tiene el Gobierno para aceptar esta solicitud dado que el ayuntamiento de Lugo no puede asumir en solitario la reforma y acondicionamiento del antiguo cuartel de San Fernando?
4. ¿Es posible que se le conceda una subvención del 75% de la inversión total proyectada?
5. ¿Coincide en la necesidad de que Lugo cuente con esta dotación para la puesta en valor del patrimonio arqueológico y cultural de la ciudad?
6. ¿Contribuirá el Gobierno del Estado al impulso de este proyecto que vendría a completar la ruta romana de Lugo?

En Madrid, a 17 de marzo de 2026

Néstor Rego Candamil



CONGRESO DE
LOS DIPUTADOS



Diputado del BNG en el Congreso



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

17 MAR. 2026 20:11:11

Entrada **106549**

Sobre a rehabilitación do antigo Cuartel de S. Fernando en Lugo con cargo ao 2% cultural

Competencia
Tipo Expediente

Otros Expedientes
300-Escrito en lengua
española distinta del
castellano, oficial en
Comunidad Autónoma (art.
92.1)

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL
Diputado



Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas á necesidade de que o antigo Cuartel de San Fernando en Lugo opte ao 2% Cultural para impulsar a creación do Museo da Romanización da Galiza.**

O pasado 13 de febreiro de 2026, o concello de Lugo formalizou ante o Ministerio de Vivenda e Axenda Urbana a súa candidatura á convocatoria do 2% Cultural co obxectivo de impulsar nas dependencias do antigo Cuartel de San Fernando en Lugo, o Museo da Romanización da Galiza.

Porén, o concello lugués non pode asumir en solitario o custo da rehabilitación e adaptación destas instalacións e, por este motivo, ven reclamando desde hai tempo o compromiso e involucramento da Xunta como Administración competente en materia de patrimonio cultural, mais sen moito éxito.

A creación do Museo da Romanización é un proxecto acaído nunha cidade que é referente no legado romano e que leva anos agardando o desenvolvemento desta acción. Desde a corporación local considérase que non se pode seguir a esperar indefinidamente para facer realidade un proxecto que conta coas instalacións necesarias pero que fica no abandono dada a nula implicación da principal Administración competente, a Xunta, que se foi desentendendo dun proxecto que inexplicabelmente deixou de considerar prioritario desde o ano 2012.



A solicitude realizada polo concello contempla un investimento total de 15,2 millóns de euros, optando a unha subvención do Estado de 75%, asumindo o concello o correspondente cofinanciamento.

O proxecto presentado contempla a rehabilitación integral do edificio en que se situaba o antigo cuartel de San Fernando, de 4.240 metros cadrados, para convertelo nun centro de conservación e divulgación do legado romano-castrexo, ademais dun espazo sociocultural para investigar e mostrar o legado arqueolóxico romano da antiga Lucus Augusti.

É preciso lembrar que a Muralla romana (S.III) de Lugo é Patrimonio da UNESCO desde o ano 2000. Porén, a cidade continúa sen dispoñer dun Museo que exhiba e dea a coñecer todo o importante legado romano que posúe.

A creación do Museo da Romanización completaría a ruta arqueolóxico-cultural da cidade, ademais de se situar nun edificio histórico de arquitectura neoclásica militar ilustrada e que está catalogado como BIC.

A falta de compromiso da Xunta levou ao concello a concorrer ao 2% Cultural como unha vía alternativa para poder financiar o acondicionamento do cuartel de San Fernando para o futuro Museo.

Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas dirixidas ao Goberno:

1. Que consideración realiza o Ministerio de Vivenda ante a solicitude do Concello de Lugo en que formalizou a candidatura ao 2% Cultural do antigo Cuartel de San Fernando para convertelo no Museo da Romanización da Galiza?
2. Comparte que se trata dun proxecto necesario e acaído nunha cidade que é referente no legado romano, empezando pola súa magnífica muralla romana declarada Patrimonio da UNESCO no ano 2000?



3. Que disposición ten o Goberno a aceptar esta solicitude dado que o concello de Lugo non pode asumir en solitario a reforma e acondicionamento do antigo cuartel de San Fernando?
4. É posíbel que se lle conceda unha subvención do 75% do investimento total proxectado?
5. Coincide na necesidade de que Lugo conte con estaa dotación para a posta en valor do patrimonio arqueolóxico e cultural da cidade?
6. Contribuirá o Goberno do Estado ao impulso deste proxecto que viría a completar a ruta romana de Lugo?

Madrid, a 17 de marzo de 2026

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso